

BOLETÍN DE IGUALDADE

Publicación mensual da Unidade de Igualdade



Obra textil da artista Sandrine Torredemer «La filature» (Perpiñán, 2024)

Cada número recolle información de interese sobre actividades formativas, convocatorias, congresos e seminarios, novas e recursos diversos sobre a igualdade de xénero.

Se queres achegar información, envíanos as túas suxestións por correo-e antes do día 28 de cada mes.

Unidade de Igualdade

Edificio Ernestina Otero 1º andar
Campus universitario
Vigo-36310
igualdade@uvigo.gal
986 813 419



CONTIDO

AXENDA.....	3
FORMACIÓN.....	3
CONGRESOS E SEMINARIOS	4
CONVOCATORIAS	4
SUXESTIÓNS	6
RECURSOS.....	7
NOVAS DO DUVI.....	10
NOVAS.....	10
CURSOS DE VERÁN.....	13
ESTUDOS DE XÉNERO E IGUALDADE	13
DATOS.....	17
FERRAMENTAS DE IGUALDADE	18

AGOSTO

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
31	29	30	31	1	2	3	4
32	5	6	7	8	9	10	11
33	12	13	14	15 Día da Asunción	16 San Roque —Festivo local en Vigo	17	18
34	19	20	21	22	23	24	25
35	26	27	28	29	30	31	1

AXENDA

A Universidade de Vigo pecha toda a súa actividade entre o 5 e o 20 de agosto polo que neste mes non hai ningunha actividade programada.

Agardamos que teñades un bo verán!

FORMACIÓN

Curso: Equidade e eficiencia na contorna laboral. Recursos para a transversalización da perspectiva de xénero na xestión e os servizos [+Info](#)

Formación promovida pola Unidade de Igualdade, coa colaboración do Servizo de PTXAS, para o persoal técnico, de xestión e de administración e servizos da Universidade de Vigo. En formato presencial de 10 horas de duración, de 12:00 a 14:00 h, con edición nos tres campus universitarios. O prazo de solicitudes está aberto ata o 31 de xullo a través de Bubela.

Programa formativo composto por dúas accións independentes:

- **E ti, sabes como actuar fronte ao acoso sexual e ao acoso por razón de sexo?**
Datas: 17/09, 08/10 e 05/11.
- **A universidade, espazo libre de violencias machistas?**
Datas: 30/09, 21/10 e 18/11.

Dirixido a toda a comunidade universitaria da UVigo: PDI, PTXAS e estudiantado. Modalidade virtual síncrona a través do Campus Remoto. Inscrición habilitada progresivamente a través de Bubela, ata completar as 20 prazas dispoñibles para cada sesión.

O horario das sesións será sempre de 16:00 h a 19:00 h. Dentro deste programa, o martes 23/07 está programada unha sesión específica para persoas con postos de responsabilidade.

Diploma de especialización Xénero e Dereitos humanos [+Info](#)

Formación en liña da Universitat Autònoma de Barcelona. Inscricións de maio a setembro, por orde de abono da matrícula ata que se cubran as prazas).

La educación de las mujeres en España (de la Hispania romana a la Ilustración [+Info](#)

2ª edición deste MOOC da UNED, dispoñible ata o 15 de setembro.

A violencia machista nas redes sociais (ES) [+Info](#)

MOOC organizado pola Unitat d'Igualtat da Universitat Rovira i Virgili

CONGRESOS E SEMINARIOS



Democratizar os coidados e a vida doméstica. O papel dos homes con perspectiva de xénero. Os días 30 de setembro e 1 de outubro, en horario de tarde, no edificio Redeiras. Organizado polos servizos de igualdade da UDC, USC e UVigo. Programa completo e inscricións pendentes de publicar.

XX Seminario internacional contra a Violencia de Xénero. As mulleres como suxeitos das violencias machistas: voces, estratexias e recursos. O 20 e 21 de novembro de 2024. [+Info](#)

V Congreso Internacional do ICCA. Grupo de traballo GT. 4: Administracións públicas en clave de xénero. Os días 20,21 e 22 de novembro de 2024.(ES) [+Info](#)

CONVOCATORIAS

Revista *Asparkía*. Homes, masculinidades e igualdade de xénero: investigacións interdisciplinares. Ata o 1 de setembro.(ES) [+Info](#)

Convocatoria de artigos: Feminismo/s no. 46: Masculinidades no mundo global: una visión da educación. Recíbense artigos en inglés ata o 30 de setembro de 2024. (EN) [+Info](#)

XX Seminario internacional contra a Violencia de Xénero. As mulleres como suxeitos das violencias machistas: voces, estratexias e recursos. Ata o 23 de outubro de 2024. [+Info](#)

Premio de investigación María Isidra de Guzmán. Ata o 31 de outubro. (ES) [+Info](#)

Gender and Justice [+Info](#)

Nova revista internacional e transdisciplinar que se centrará na crítica feminista da xustiza nas ciencias sociais, desde diferentes perspectivas metodolóxicas. O primeiro número, que sairá na primavera do 2025, ten aberto o prazo de presentación de artigos.

Cuestiones de Género: de la igualdad y la diferencia [+Info](#)

Monográfico núm. 20 sobre «50 anos de feminismo en España e América Latina». Ata o 28 de febreiro do 2025

ex æquo – Revista da Associação Portuguesa de Estudos sobre as Mulheres. (PT) [+Info](#)

Convocatoria de artigos en castelán, portugués, francés ou inglés.

CALL FOR PAPER

GENDER ON DIGITAL
Journal of Digital Feminism

Vol. 2
2024

Data límite para o envío de artigos:
20 de setembro

A Cátedra de Feminismos 4.0 DEPO-UVigo convida a enviar artigos que conformarán o segundo volume da revista científica **GENDER ON DIGITAL**, que se publicará a finais do 2024 e que entrará a formar parte do catálogo de revistas do **Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo**. Os artigos deben estar relacionados coa temática deste segundo número que xirará en torno ás **reflexións sobre o patriarcado dixital e as formas de "hackealo" dende o feminismo**.

GENDER ON DIGITAL naceu o ano pasado co obxectivo de construír un espazo de reflexión científica crítica (e, polo tanto, feminista) en torno as transformacións da sociedade en relación coa irrupción das novas tecnoloxías da comunicación e a conseguinte dixitalización de todas as esferas da vida.

Esta revista está orientada a un público especializado dos ámbitos científico, tecnolóxico, xurídico-social e humanístico e pretende ofrecer un pensamento crítico feminista sobre as transformacións derivadas da dixitalización das nosas vidas, en especial no referente ás consecuencias na reprodución e incremento das desigualdades entre mulleres e homes.


Pódense enviar os artigos e recensións na seguinte ligazón:
<https://revistas.uvigo.es/index.php/GOD/>
e enviar consultas ao enderezo de correo:
genderondigital@catedrafeminismos.gal

Cátedra de Feminismos 4.0
DEPO - UVigo

Deputación
Pontevedra

Universidade de Vigo

SUXESTIÓNS



Despois de pensar sobre as viaxes no boletín anterior, continuamos este deambular ocupando as suxestións cos paseos. Camiñar é un acto cotiá pero, esta forma de desprazamento desde a lentitude, no contexto actual, tamén pode ser un acto de nostalxia ou de resistencia, no que conectamos coa contorna e que ten unha relación directa con pensar e o seu ritmo. Ou, como di Rebecca Solnit en *Wanderlust. Una historia de caminar* (2015): « Camiñar é o estado no que a mente, o corpo e o mundo están aliñados.» Un libro moi recomendable no que a autora percorre as implicacións políticas, culturais, filosóficas, sociais, estéticas e sexuais de camiñar.

O construción diferencial de xénero sitúa ás mulleres no espazo doméstico por iso este tipo de prácticas, de saír fóra do fogar, foron vistas en décadas anteriores como unha subversión. No libro *Flâneuse: Una paseante en París, Nueva York, Tokio, Venecia y Londres* (2016) a escritora Lauren Elkin crea o feminino de *flâneur* para describir a estas mulleres ociosas, observadoras e reflexivas. Este libro fai unha revisión histórica e crítica do papel das mulleres nos espazos urbanos e cuestiona como estes lugares están deseñados para invisibilizar a presenza e o papel feminino na historia. Para quen queira seguir afondando nestas figuras, *La revolución de las flâneuses*, de Anna M^a Iglesias, fai un percorrido crítico por estas mulleres, reivindicando o camiñar como un acto de insubordinación feminino.

Nos últimos anos son moitas as iniciativas para crear roteiros en feminino onde se ofrece unha visión máis completa das cidades que habitamos, poñendo o foco no papel das mulleres e reivindicando que os seus nomes sexan visibles, nomeando rúas, prazas e espazos públicos. A cidade de Vigo conta, desde o ano 2011, co *Roteiro en feminino Sons de Mulleres*, creado polo colectivo Mulheres Nacionalistas Galegas, e que foi sinalizado co apoio da Concellería de Igualdade. En Ourense, a Marcha Mundial das Mulleres tamén organizou o *Roteiro en Feminino*, un percorrido con once paradas no que se falaba de Concepción Arenal, Jesusa Prado López, Milagros Cid Fernández, «A Milo», Sally Albaugh, María Paz del Valle e Antonia Ortiz Currais, entre outras. No caso de Pontevedra, no proxecto do Gris ao Violeta destacan o *Roteiro Mulleres en San Amaro* ou o *Roteiro sobre as mulleres represaliadas de Pontevedra*, que se pode seguir coas indicacións dispoñibles na súa web. Este tipo de propostas tamén se levaron e se levan a cabo noutras cidades e vilas galegas como *Ferrol*, *Viveiro* ou *Santiago de Compostela*.



Obra do traballo *Pasea y ojea* de Clara Nubiola

Tamén queremos destacar o proxecto cultural e educativo [Herstóricas](#), que a través de obradoiros, paseos e visitas guiadas visibiliza e valora a achega histórica das mulleres e reflexiona sobre a súa ausencia desde unha perspectiva feminista. Agora mesmo, teñen activa unha campaña de micromecenado para crear o programa [amigadatecuenta.org](#), que pretende documentar e crear un mapa interactivo onde visibilizar os espazos vinculados á memoria democrática das mulleres no contexto español.

Outra figura relevante é a activista e divulgadora Jane Jacobs, autora de [Muerte y vida de las grandes ciudades](#) (1961), onde critica as políticas de renovación urbana norteamericanas da década de 1950, que crearon espazos urbanos illados que dificultan a vida en comunidade. O seu traballo tivo influencia posterior -como a [tese de doutoramento](#) de Irene Gómez Varo- e deu lugar a [Os Paseos de Jane](#), unha proposta de participación veciñal que convida a conversar paseando e que pretende facilitar que a xente teña recursos para pensar o territorio que habita.



E, nesta mesma liña de pensar o urbanismo a través da participación, queremos destacar o traballo da cooperativa [Col-lectiu Punt 6](#) formada por sociólogas, urbanistas e arquitectas que abordan o urbanismo feminista para a vida cotiá. Este proxecto realiza investigacións, formación, consultoría e actividades «para romper con discriminacións e xerarquías e poder levar a cabo unha transformación física e social» desde unha perspectiva feminista interseccional.



Algunhas das publicacións deste proxecto que se poden descargar desde a súa web

A Área de Benestar, Saúde e Deporte da Universidade de Vigo organiza desde o ano 2011 o programa [Rutas culturais](#) para que as persoas con interese no sendeirismo, a natureza e a cultura galega dentro e fóra da comunidade universitaria poidan participar nestas ao longo do curso académico.

RECURSOS

- A igualdade de xénero na empresa galega.** Capítulo do Informe Ardán 2024 (ES) [+Info](#)
- Roque, Sílvia; Santos, Rita, Faustino, Maria João e Garraio, Júlia. (2024). *Me Too - Um Segredo Muito Pública Assédio sexual em Portugal*.** Avenida da Liberdade Editores. (PT)
- O acoso sexual, sexista e LGTBIQfóbico na Universidad Complutense de Madrid. Unha análise a partir de experiencias situadas de violencia** (ES) DOI:10.13140/RG.2.2.10429.68321 [+Info](#)
- Educación sexual integral para a prevención da violencia de xénero** (EN) [+Info](#)
- In Mujeres. Monografías feministas núm. 3. Comunicación** [+Info](#)
- Onde están as mullere nos videoxogos?** (ES) [+Info](#)
Vídeo realizado polas especialistas Virginia Calvo, Ana Oliveras, Anna Tonda e Linda Rytman.
- Género, *gamers* y videojuegos. Una aproximación desde el enfoque de género, al consumo de videojuegos y la situación de las jugadoras en el sector** [+Info](#)
- Cuestiones de Género: de la igualdad y la diferencia.** Núm. 19 (2024): Feminismo, coeducación y socialización en la posmodernidad [+Info](#)
- Que é a violencia sexual? Dossier novembro 2023. Geo Violencia Sexual.** (ES) [+Info](#)
- Women 4 Ethical AI.** (EN) [+Info](#)
- Selección de cómics e tebeos** da xornalista crítica e investigadora especializada en cultura popular e feminismo, Elisa McCausland no programa Efecto Doppler - Programa de Radio 3 en RTVE Play. (ES) [+Info](#)
- *Superbollo contra la Liga Exterminadora de Feminazis Antisistema*, Irene Sala i Brotons e Marian Torres (Continta me tienes). [+Info](#)
 - *La tierra yerma*, Carla Berrocal (Reservoir Books). [+Info](#)
 - *La lesbiana del zodiaco*, Victoria Rubio. [+Info](#)
 - *Barbarie, zine de terror LGBT+*, VVAA (Bronco Comics). [+Info](#)
 - *Death In The Mouth: An Anthology of Original Horror from the Margins*, Sloane Leong e Cassie Hart (Eds.). [+Info](#)
 - Publicacións de Erika Price. [+Info](#)
 - *PeePee-PooPoo*, Caroline Cash. [+Info](#)
 - *Vulva Viking*, Elizabetj Pitch (Les Requins Marteaux). [+Info](#)
- Escavando a diferenza sexual na linguaxe e no pensamento.** (ES) [+Info](#)
- Prevención de ciberviolencias machistas: Guía para familias.** (ES) [+Info](#)

Apoio, información e recursos fronte á violencia sexual. (ES) [+Info](#)

Informe anual CIMA 2023. A representación das mulleres no sector cinematográfico da longametraxe española. (ES) [+Info](#)

Necesita mellorar. Mapa de atención á anticoncepción en España. (ES) [+Info](#)

Guía de conciliación da vida persoal, familiar e laboral do persoal da Universidade de Vigo. (GAL) [+Info](#)

Esta guía informativa recompila os dereitos e as posibilidades das que dispón o persoal da Universidade de Vigo para conciliar a súa vida persoal, familiar e laboral. A guía ten un carácter orientativo e deberá consultarse cos servizos que corresponde en cada situación, segundo as circunstancias e a lexislación que aplique.

Unha revolución de inclusión astronómica. Avances en diversidade, equidade e inclusión na Astronomía e a Astrofísica profesionais. (EN) [+Info](#)

Protocolo de actuación contra as violencias sexuais e LGBTifóbicas nos espazos de ocio nocturno. (ES) [+Info](#)

Informe sobre prostitución en España enviado ás Nacións Unidas. (ES) [+Info](#)

As leis estatais anti-DEI (diversidade, equidade e inclusión) sementan incertidume nas escolas e universidades públicas. (EN) [+Info](#)

Informe sobre prostitución en España. (ES) [+Info](#)

Revisitando aliados masculinos en Matemáticas e Física ao longo da historia: referentes para os homes na educación STEM. (EN) [+Info](#)

Recoñecer, actuar e restaurar: Manual básico para afrontar as violencias machistas. (GAL) [+Info](#)

Investigación: cando as persoas empregadas se identifican coa súa empresa é menos probables que detecten a discriminación de xénero. (EN) [+Info](#)

Presupostos con enfoque de xénero. Unha folla de ruta para a súa implementación desde as experiencias de América Latina. (ES) [+Info](#)

Culpables ata que se demostre o contrario Percepcións e recursos de adolescentes españois sobre masculinidades e violencia de xénero. (ES) [+Info](#)

Tara for women. Arte e cultura. Apoio a mulleres artistas. (ES) [+Info](#)

Nobel run stories. Libreto de científicas. (ES) [+Info](#)

O mapa do deserto A atención sanitaria á Saúde Mental Perinatal en España. (ES) [+Info](#)

NOVAS DO DUVI

Cargos de responsabilidade fórmanse na prevención da desigualdade e das violencias machistas [+Info](#)

As exposicións de eXXperimena en feminino rematan o seu periplo divulgativo pola xeografía galega [+Info](#)

30 nenas e nenos e unha misión cumprida [+Info](#)

Dúas alumnas do campus álzanse co ouro no Campionato do Mundo Universitario de Balonmán [+Info](#)



As campionas do mundo universitario de balonmán Aitana Santomé e Mainer Barros; estudantes nunha das exposicións de eXXperimena en feminino e parte das persoas que asistiron á sesión formativa

NOVAS

A UPV/EHU reducirá á metade a súa fenda salarial e duplicará o número de catedráticas e profesoras plenas (ES) [+Info](#)

A reitora Eva Ferreira presenta o IV Plan de Igualdade, con 79 accións e un orzamento asociado de 2,5 millóns de euros

Alice Milliat, a Coubertin das mulleres (ES) [+Info](#)

Mari Chordà, a artista pop e feminista que xa pintaba vaxinas durante o franquismo desembarca no MACBA(ES) [+Info](#)

Seis ilustradoras de diferentes países únense nun cómic contra a violencia machista e o autoritarismo (ES) [+Info](#)

Aumentan os casos de violencia machista en España (ES) [+Info](#)

O Pleno do Congreso aproba definitivamente a Lei de Paridade (ES) [+Info](#)

A lei de paridade traspon unha directiva europea que o Consello da UE aprobou a finais de 2022 na que se obriga aos Estados membros a que exista un máximo do 60 % de persoas de cada sexo e que ningún debe situarse por baixo do 40 % na: composición de goberno, órganos constitucionais, órganos superiores e directivos do sector público, tribunal e xurados, listas electorais e consellos de administración das empresas e sociedades cotizadas.

«Emerxencia nacional» no Reino Unido: os casos de violencia contra as mulleres aumentan un 37 % nos últimos cinco anos (ES) [+Info](#)

A FEMP recibirá 8,2 millóns para o servizo de teleasistencia móbil a vítimas de violencia machista (ES) [+Info](#)

O sistema pode protexer ás mulleres tamén sen denuncia (ES) [+Info](#)

Primeiro Pleno do Grupo de Traballo de Políticas de Igualdade de CRUE (ES) [+Info](#)

En tres de cada dez divorcios incúmprese a pensión de alimentos e as visitas (ES) [+Info](#)

Case a metade de mulleres novas sufriu violencia sexual facilitada por alcohol ou drogas en festas (ES) [+Info](#)

A garantía material das mulleres en situación de violencia machista: que papel pode xogar unha renda básica universal? (ES) [+Info](#)

As secuelas psicolóxicas nas vítimas por violencia machista poden conlevar a incapacidade absoluta en contra do INSS segundo a Xustiza (ES) [+Info](#)

As custodias compartidas superaron por primeira vez ás outorgadas ás nais en 2023 (ES) [+Info](#)

A financiación, o gran reto da muller emprendedora (ES) [+Info](#)

A ONU insta aos países a que garantan o acceso á hixiene menstrual (ES) [+Info](#)

O New York Times fai historia: os 100 mellores libros do século XXI son, nun 52 %, de mulleres (ES) [+Info](#)

Novo fin de semana negro de violencia machista: catro mulleres asasinadas (ES) [+Info](#)

O que as parellas de lesbianas nos ensinan acerca da desigualdade entre homes e mulleres (ES) [+Info](#)

Amigas, deixade de buscar parellas para ter criaturas (ES) [+Info](#)

A familia nuclear non é necesariamente o mellor espazo para criar. É imprescindible inventar outros.

Unha denuncia colectiva contra as violencias institucionais machistas (ES) [+Info](#)

Nace o primeiro Observatorio de Violencias Institucionales Machistas (OVIM) no Estado español. O seu obxectivo é transformar a realidade recollendo historias reais a través da súa canle de denuncia colectiva.

O goberno aproba as axudas a vítimas de violencia sexual con baixos ingresos que recolle a lei do «só si é si» (ES) [+Info](#)

Este apoio económico equivale a un subsidio por desemprego –uns 500 euros ao mes- durante seis meses-, prorrogable ata os 18 meses. Ademais, o real decreto ampliará a cinco anos o prazo para pedir a axuda e poderán volver a solicitala se son vítimas de novo. A axuda abonarase nun pago único ou en seis mensualidades. A tramitación e o abono levarano a cabo as comunidades autónomas, a quen o Estado lle reembolsará o custo.

Idade, xénero, profesión: quen son [as e] os novos deputados? (FR) [+Info](#)

Só 208 mulleres sentarán na Asemblea Nacional, é dicir, algo máis dun terzo do total. Esta é a segunda vez consecutiva que a proporción de mulleres no Palais-Borbón descendeu.

Quero ser investigadora (GA) [+Info](#)

Aumentan un 15 % os delitos de violencia sexual en 2023 e o 42 % das vítimas era menor de idade (ES) [+Info](#)

A violencia de xénero afecta á saúde sexual, reprodutiva e xeral das vítimas, segundo un estudo (ES) [+Info](#)

Onvios. Que é a Oficina Nacional contra as Violencias Sexuais? (ES) [+Info](#)

Cursos para deconstruír a masculinidade tóxica dos políticos vascos (ES) [+Info](#)

Inclusión constitúe un consello para atallar fenda de xénero en pensións, emprego ou migración (ES) [+Info](#)

O Goberno anuncia que as oficinas da Seguridade Social serán puntos violeta de atención ás vítimas de violencia de xénero (ES) [+Info](#)

Un campamento tecnolóxico que rompe a fenda de xénero (ES) [+Info](#)

***Kinkeeping*, o agotador traballo invisible que mantén á familia unida (ES) [+Info](#)**

Elas despois do *cayuco* (ES) [+Info](#)

Paloma del Río, Premio Nacional de Televisión 2024: «A militancia pola igualdade non se perde» (ES) [+Info](#)

Violencia machista no Estado español: catro mulleres e dous nenos asasinados (GA) [+Info](#)

En que se baseou o Supremo para unificar criterio e considerar o *stealth* un delito sexual (ES) [+Info](#)

CURSOS DE VERÁN

A continuación damos a coñecer algún cursos de verán con perspectiva de xénero ofertados por universidades españolas.

UNED. Cursos de verán. [+Info](#)

- Desafíos feministas: reflexiones en torno al deseo, el consentimiento y la violencia. Sede de Madrid. En liña ou presencial. Do 18 ao 20 de setembro.

Universidad Internacional Menéndez Pelayo.

- La mujer en los puertos de hoy. Retos y oportunidades. 3 de setembro. [+Info](#)

Universidad Miguel Hernández [+Info](#)

- La igualdad entre mujeres y hombres y el lenguaje inclusivo En liña. Do 3 ao 27 de setembro.

ESTUDOS DE XÉNERO E IGUALDADE

Con motivo da apertura dos prazos de matrícula para o próximo curso incluimos un apartado con información dos graos, mestrados e estudos de doutoramento sobre Estudos de Xénero das universidades españolas. Agardamos que sexa unha información de interese.

ANDALUCÍA

Mestrados:

- **Máster en Ciencias de la Sexología.** Universidad de Almería. Rama: Ciencias da Saúde. Duración: 1 ano. Modalidade: presencial. [+Info](#)
- **Máster Interuniversitario en Estudios de Género, Identidad y Ciudadanía.** Universidad de Cádiz. Rama: CC Sociais e Xurídicas. Duración: 1 ano. Modalidade: semipresencial [+Info](#)
- **Máster Universitario Erasmus Mundus en Estudios de las Mujeres y de Género.** Universidad de Granada. Rama: CC Sociais e Xurídicas. Duración: 1 ano. Modalidade: presencial. (Prazo pechado) [+Info](#)
- **Máster Universitario en Análise Crítico das Desigualdades de Xénero e Intervención Integral en Violencia de Xénero.** Universidad de Jaén. Rama: CC Sociais e Xurídicas. Duración: 1 ano. Modalidade: presencial [+Info](#)
- **Máster Universitario en Género e Igualdad.** Universidad Pablo de Olavide. Rama: CC Sociais e Xurídicas. Duración: 1 ano. Modalidade semipresencial [+Info](#)
- **Máster Universitario en Igualdad y Género.** Universidad de Málaga. Rama: CC Sociais e Xurídicas. Duración: 1 ano. Modalidade: semipresencial [+Info](#)

- **Máster Universitario en Estudios de Género y Desarrollo Profesional.** Universidad de Sevilla. Rama: CC Sociais e Xurídicas. Duración: 1 ano. Modalidade: presencial [+Info](#)

ARAGÓN

Mestrados:

- **Mestrado Universitario en RelaciónS de Género.** Universidad de Zaragoza. Rama: CC Sociais e Xurídicas. Duración: 1 ano [+Info](#)

Programas de doutoramento:

- **Programa de Doctorado en Relaciones de Género y Estudios Feministas.** Universidad de Zaragoza. Rama: Ciencias Sociais e Xurídicas [+Info](#)

PRINCIPADO DE ASTURIAS

Mestrados:

- **Máster Universitario en Género y Diversidad.** Universidad de Oviedo. Rama: Ciencias Sociais e Xurídicas. Duración: 1 ano. Modalidade: presencial [+Info](#)

- **Máster Erasmus Mundus en Estudios de las Mujeres y de Género.** Universidad de Oviedo. Rama: CC Sociais e Xurídicas. Duración: 2 anos. Modalidade: presencial [+Info](#)

Programas de doutoramento:

- **Programa de Doctorado en Género y Diversidad.** Universidad de Oviedo. Rama: CC Sociais e Xurídicas. Duración: 3 ou 5 anos. [+Info](#)

ILLES BALEARS

Mestrados:

- **Máster Universitario en Políticas de Igualdad y Prevención de la Violencia de Género.** Universitat de les Illes Balears. Rama: CC Sociais e Xurídicas. Duración: 1 ano. Modalidade: semipresencial [+Info](#)

Programas de doutoramento:

- **Programa de Doctorado en Estudios Interdisciplinarios de Género.** Universitat de les Illes Balears. Rama: Ciencias Sociais e Xurídicas. Duración: 3 ou 5 anos [+Info](#)

ISLAS CANARIAS

Mestrados:

- **Máster Universitario en Estudios de Género y Políticas de Igualdad.** Universidad de la Laguna. Rama: CC Sociais e Xurídicas. Duración: 2 anos. Modalidade: presencial [+Info](#)

CASTILLA Y LEÓN

Mestrados:

- **Máster Universitario en Estudios Interdisciplinarios de Género.** Universidad de Salamanca. Rama: Ciencias Sociais e Xurídicas. Duración: 1 ano. Modalidade: presencial [+Info](#)
- **Máster en Estudios Feministas e Intervención para la Igualdad.** Universidad de Valladolid. Rama: Ciencias Sociais e Xurídicas. Duración: 1 ano. Modalidade: en liña [+Info](#)

Programas de doutoramento:

- **Programa de doctorado en Estudios Interdisciplinarios de Género y Políticas de Igualdad.** Universidad de Salamanca. Rama: CC Sociais y Jurídicas. Duración: 3 ou 5 anos. [+Info](#)

CATALUÑA

Estudios de grao:

- **Grado en Estudios Socioculturales de Género.** Universitat Autònoma de Barcelona. Rama: Artes e Humanidades. Duración: 4 anos. Modalidade: presencial [+Info](#)

Mestrados:

- **Máster en Estudios de Género y Gestión de Políticas de Igualdad.** Universitat de Lleida. Rama: CC Sociais e Xurídicas. Duración: 1 ano. Modalidade: virtual [+Info](#)
- **Máster Interuniversitario en Estudios de la Mujer, Género y Ciudadanía.** Universitat de Barcelona, Universitat Autònoma de Barcelona, Universitat de Girona, Universitat de Vic, Universitat Rovira i Virgili, Universitat Pompeu Fabra, Universitat Politècnica de Catalunya, Universitat de Lleida. Rama: CC Soc. e Xcas. Duración: 1 ano. Modalidade: en liña e presencial [+Info](#)
- **Máster en Estudios de Género y Gestión de Políticas de Igualdad.** Universitat de Lleida. Rama: CC Sociais e Xurídicas. Duración: 1 ano. Modalidade: virtual [+Info](#)
- **Máster en Violencia Sexual.** Universidad Ramón Llull. Rama: Ciencias Sociais e Xurídicas. Duración: 2 anos. Modalidade: virtual. [+Info](#)

Programas de doutoramento:

- **Programa de doctorado interuniversitario en Estudios de Género: Culturas, Sociedades y Políticas.** Universitat de Barcelona. Rama: Ciencias Sociais e Xurídicas. Duración: 3 ou 5 anos. [+Info](#)

COMUNITAT VALENCIANA

Mestrados:

- **Máster Universitario en Derecho y Violencia de Género.** Universitat de València. Rama: CC Sociais e Xurídicas. Duración: 1 ano. Modalidade: semipresencial [+Info](#)

- **Máster Universitario en Género y Políticas de Igualdad.** Universitat de València. Rama: CC Soc. e Xcas. Duración: 1 ano. Modalidade: presencial e en liña [+Info](#)

Títulos propios:

- **Título de especialista universitario en masculinidades, género e igualdad.** Universidad Miguel Hernández. Duración: 1 ano. Modalidade: en liña [+Info](#)

- **Diploma de Especialización en Agente de Igualdad.** Universitat Jaume I. Duración: 1 ano. Modalidade: en liña. [+Info](#)

GALICIA

Mestrados:

- **Mestrado Universitario en Igualdade, Xénero e Educación.** Universidade de Santiago de Compostela. Rama: Ciencias Sociais e Xurídicas. Duración: 1 ano. Modalidade: presencial [+Info](#)

COMUNIDADE DE MADRID

Mestrados:

- **Máster Universitario en Estudios de Género.** UNED. Rama: CC Soc. e Xcas. Duración: 1 ano. Modalidade: virtual [+Info](#)

- **Máster Universitario en Estudios de Género.** Universidad Complutense de Madrid. Rama: CC Soc. e Xcas. Duración: 1 ano. Modalidade: presencial [+Info](#)

- **Máster Universitario en Estudios LGBTIQ+.** Universidad Complutense de Madrid. Rama: CC Soc. e Xcas. Duración: 1 ano. Modalidade: presencial [+Info](#)

- **Máster en Estudios Interdisciplinarios de Género.** Universidad Autónoma de Madrid. Rama: CC Soc. e Xcas. Duración: 1 ano. Modalidade: presencial [+Info](#)

Programas de doutoramento:

- **Programa de doctorado en Estudios Feministas y de Género.** Universidad Complutense de Madrid. Rama: Ciencias Sociais e Xurídicas. Duración: 3 ou 5 anos. [+Info](#)

- **Programa de doctorado en Estudios Interdisciplinarios de Género.** Universidad Rey Juan Carlos. Rama: Ciencias Sociais e Xurídicas. Duración: 3 ou 5 anos. [+Info](#)

- **Programa de doctorado en Estudios Interdisciplinarios de Género.** Universidad Autónoma de Madrid. Rama: Ciencias Sociais e Xurídicas. Duración: 3 ou 5 anos. [+Info](#)

REXIÓN DE MURCIA

Mestrados:

- **Máster Universitario en Género e Igualdad.** Universidad de Murcia. Rama: Ciencias Sociais e Xurídicas. Duración: 1 ano. Modalidade: presencial [+Info](#)
- **Máster Universitario en Salud, Mujer y Cuidados.** Universidad de Murcia. Rama: Ciencias da Saúde. Duración: 1 ano. Modalidade: semipresencial [+Info](#)
- **Máster Universitario en Intervención Interdisciplinar en Violencia de Género.** Universidad Internacional de Valencia. Rama: CC Sociais e Xcas. Duración: 1 ano. Modalidade: en liña [+Info](#)

PAÍS VASCO

Mestrados:

- **Mestrado Universitario en Intervención en Violencia Contra las Mujeres.** Universidad de Deusto. Rama: Ciencias Sociais e Xurídicas. Duración: 1 ano. Modalidade: presencial [+Info](#)
- **Mestrado Universitario en Estudios Feministas y de Género.** Universidad del País Vasco/Euskal Herriko Unibertsitatea. Rama: Ciencias Sociais e Xurídicas. Duración: 1 ano. Modalidade: presencial e mixta [+Info](#)

Títulos propios:

- **Especialización universitaria en Género, Masculinidades y Acción Social.** Universidad del País Vasco/Euskal Herriko Unibertsitatea. Rama: Ciencias Sociais e Xurídicas. Modalidade: en liña [+Info](#)

DATOS

Informe Global de Fenda de Xénero 2023 [+Info](#)

Observatorio de Igualdade da UVigo 2023 [+Info](#)

Mulleres en cifras. Mulleres e homes en España [+Info](#)

Publicación realizada polo INE en colaboración co IMIO. Esta publicación periódica difunde indicadores de xénero relevantes en distintos ámbitos.

Científicas en Cifras 2023 [+Info](#)

Boletín Estatístico Mensual da Deleg. de Goberno contra a Violencia de Xénero [+Info](#)

Observatorio Igualdade Emprego [+Info](#)

Centro de Datos para Defensoras e Defensores de Xénero [+Info](#)

As mulleres do mundo. Tendencias e estatísticas (EN) [+Info](#)

Mapeo do teito de cristal das rexións europeas [+Info](#)

Institucións sociais e índice de xénero (EN) [+Info](#)

FERRAMENTAS DE IGUALDADE



Imaxe do Punto lila virtual dispoñible no espazo web da Unidade de Igualdade en galego e inglés.

Recursos contra as violencias machistas da UVigo [+Info](#)

Programas de voluntariado de acompañamento a mulleres en procesos de violencia de xénero na UVigo En [Ourense](#) e [Vigo](#).

CIM- Centros de Información ás Mulleres
Servizos municipais de atención psicolóxica, xurídica e social para mulleres. [+Info](#)

- CIM Vigo. Rúa de Romil núm. 20
986 293 963
- CIM Ourense. Rúa do Ensino núm. 24
988 393 191
- CIM Pontevedra. Praza de José Martí
900 119 741 e 986 864 825

Oficinas de atención á vítima (nas tres cidades) [Cita previa](#)

Guía de dereitos, recursos e servizos para as mulleres galegas. FEGAMP, 2023 [+Info](#)

APP Galegas con Recursos: directorio de recursos para mulleres vítimas de violencia de xénero [+Info](#)

Acordo da Conferencia Sectorial de Igualdade relativo á acreditación das situacións de violencia de xénero [+Info](#)

Guía de intervención con menores que sofren ou teñen sufrido unha situación de VX (ES) [+Info](#)

Guía de actuación fronte á violencia machista [+Info](#)

Guía de dereitos das mulleres vítimas de violencia de xénero [+Info](#)

Guía de dereitos para mulleres refuxiadas que poidan estar sufrindo violencia machista [+Info](#)

Información do Estado sobre a violencia vicaria [+Info](#)

Rede de mulleres veciñais contra os Malos Tratos [+Info](#) Rúa da Oliva, 12. Vigo. Teléfono: 986 222 328. Atención ás vítimas: 606 929 137.

RD 664/2024, de 9 de xullo, polo que se regulan as axudas económicas a vítimas de violencias sexuais [+Info](#)

Axuda de pago único e indemnización para mulleres vítimas de violencia de xénero. [Ano 2024](#)

Indemnización económica para fillas e fillos menores de 30 anos de vítimas mortais por VX, no marco do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero. [Ano 2024](#)

Axudas periódicas para mulleres que sofren violencia de xénero. [Ano 2024](#)

Axudas para a atención integral a persoas en situación de explotación sexual ou vítimas de trata. [Ano 2024](#)

Axudas e subvencións a entidades sen ánimo de lucro para programas de

inserción sociolaboral de mulleres vítimas de violencia de xénero. [Ano 2024](#)

Normativa estatal en vigor en materia de igualdade de xénero [+Info](#)

Normativa autonómica en vigor en materia de igualdade de xénero [+Info](#)